



# Comunicado da XD da Agamfec ante o colapso da sanidade e as declaracións dos seus responsables

*É tempo de actuar.*

Xestores, **o colapso dos centros sanitarios en xaneiro arránxase en xuño**, non en xaneiro. Tratar así aos **cidadáns** non é digno. Mal tratar aos **profesionais** da saúde tampouco. As estratexias de abordaxe dos problemas epidemiolóxicos, como vemos anualmente grazas ao virus da gripe, non pasan pola Atención Hospitalaria que se colapsa por esta época. Mentres non vexamos **que a xestión sanitaria necesita da Atención Primaria**, todos os anos en xaneiro sufriremos os mesmos problemas e leremos os mesmos titulares. Se non coidamos o que temos, a Atención Primaria **dos Centros de Saúde**, que debe ser o **eixo da xestión** da saúde da poboación e non o muro de contención como parece que se considera entre os decisores sanitarios galegos, colápsase definitivamente o resto do sistema sanitario público.

Os **profesionais** son o activo principal do sistema sanitario, o seu traballo está na base da calidade da atención aos cidadáns. A xestión de recursos humanos é unha tarefa que debe ser o eixo do traballo de planificación. Con todo **as evidencias dos últimos anos son** entre outras: falta de reposición de profesionais que se xubilán, temporalidade nas contratacións, non cobertura dos días de descanso, escasa oferta formativa no posto de traballo, crecente asignación de novas responsabilidades a Atención Primaria sen o consecuente incremento da súa capacidade resolutiva nin a dimensión das axendas de traballo, ausencia de análise de adecuación da programación de actividade establecida (tempos de consulta de 3/5 minutos por exemplo) para facer de ser necesario correccións, implantación vertical de cambios organizativos sen contar coas achegas no seu deseño e planificación dos profesionais aos que se dirixen.

Esta realidade indica a ausencia dunha política de **recursos humanos** estruturada con obxectivos a medio e longo prazo. Unha política de recursos humanos que é imprescindible para atraer talento, manter a capacitación dos profesionais e potenciar a innovación en coidados sanitarios da maior calidade aos cidadáns.

No momento actual **o sistema forma a profesionais excelentes, para logo abocalos a unha forma de traballo que non permite que fagan ben o que saben facer**. Non podemos seguir calados ante esta realidade, ignorala non é unha opción.

É urxente cambiar a xestión de recursos humanos **para que Atención Primaria poida facer o que se sabe facer**: responder as necesidades de saúde da poboación, tanto nos problemas agudos, como nas enfermidades crónicas; con máis énfase no seguimento das persoas que máis o necesitan (pola súa idade, fragilidade, riscos), cunha priorización na utilización de recursos apoiada no seguimento e a colaboración co

paciente e a súa contorna. Sobre todo traballar en promoción e prevención. Promoción dos autocuidados e a automedicación responsable; reforzar estratexias sinxelas pero moi eficaces para o control das enfermidades transmisibles comúns como é a hixiene de mans para previr o contaxio dos cadros de transmisión por contacto ou por pingas (gripe, por exemplo). A **cooperación coa poboación** é clave, pero é máis fácil ver campañas pola vacinación antigripal que pola hixiene de mans; o xestor sae nos medios de comunicación poñéndose a vacina, pero de cando en cando sae lavándose as mans ou facendo gala de toser no cúbado e non na man, menos aínda visitando un centro de saúde.

**En Atención Primaria somos especialistas en saúde comunitaria.** Do mesmo xeito que outras políticas de promoción da saúde, as campañas de educación sanitaria teñen que individualizarse por sectores sociais e necesidades, responder as necesidades da poboación no canto de orientarse cara á diminución do consumo de recursos sanitarios. **Educación para empoderar.**

Faltan 365 días para o próximo colapso hospitalario pola gripe. A crítica fácil, a indiferenza cara aos profesionais dos centros de saúde non serviu para mellorar a atención á gripe deste ano. Como di un médico de familia, Sergio Minué *“se existe algunha solución non vai chegar do ceo, senón que haberá que construíla e defendela polos que aínda cren que outra Atención Primaria, a que de verdade é clave para un sistema sanitario, é posible”*. Neste obxectivo terannos sempre aos médicos de familia como aliados.

<https://www.agamfec.com/comunicado-da-xd-da-agamfec-ante-colapso-da-sanidade-as-declaracions-dos-seus-responsables/>